

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

DA ÁRBORE À CADEI RA


A MADEIRA
E AS SUAS
ARTES

DOSSIER
DE PRENSA

EXPOSICIÓN
7 ABR—5 NOV
2017

MUSEO
CENTRO
GAIÁS

cidadedacultura.gal





GAIÁS, CIDADE DA CULTURA

A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia co resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este espazo, destinado á cultura, ao emprendemento e á tecnoloxía, acolle catro institucións culturais:

MUSEO CENTRO GAIÁS. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. Neste 2017 celebramos os seus 5 anos de vida como centro cultural e artístico da Cidade da Cultura.

BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

CENTRO DE EMPRENDEMENTO CREATIVO.

Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de *coworking*, un viveiro de empresas e unha área de empresas TIC que engloba o proxecto de *crowdworking* ‘Galicia Open Future, Connecting for Good Galicia’ da man de Vodafone e o ‘Centro de Excelencia en Intelixencia de Negocio’ liderado por HP.

CENTRO DE INNOVACIÓN CULTURAL (CINC).

É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.

ESPAZOS NATURAIS. O Bosque de Galicia, o Xardín Literario e o Parque do Lago son os tres espazos verdes cos que conta o Gaiás. Tres lugares nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudable a través da súa rede de sendas e admirar novas caras da cidade de Compostela.

DA ÁRBORE Á CADEIRA

7 DE ABRIL—5 DE NOVIEMBRE 2017
MUSEO CENTRO GAIÁS



Carballa da Rocha, por José Caruncho.

Manuel Ruibal Ruibal, *Árboles en la tarde*, 1988. Colección ABANCA

Cadeira Eira, de Oitenta

Cadeira recortable de Creus e Carrasco

Dos bosques á intimidade dos nosos fogares. Esta é a viaxe emocional que nos propón a exposición *Da árbore á cadeira* coa que a Cidade da Cultura dirixe a nosa ollada cara á madeira, elemento imprescindible para entender a nosa identidade.


Comisariada polo arquitecto Carlos Seoane, *Da árbore á cadeira* distribúese polos dous primeiros andares do Museo Centro Gaiás para amosar as dúas vidas e narrativas da madeira. A primeira, como produto da natureza, como material vivo que conforma a nosa paisaxe e unha parte de nós mesmos. E unha outra historia, a da súa segunda vida como elemento moldeado polo home.

Este percorrido emocional comeza nos propios bosques galegos, entrando en diálogo co seu papel ecolóxico e a súa compoñente artística, cultural e identitaria. A ollada persoal de fotógrafos como Manuel Vilariño, Vari Caramés, José Caruncho, Juan de la Sota ou Juan Rodríguez mestúrase coa visión que do bosque tiveron grandes artistas plásticos como Castelao, Seoane, Maside e figuras contemporáneas como Pamen Pereira ou Jorge

Perianes. Unha vinculación home-territorio que tamén se plasma a través das árbores centenarias da finca Galega de Alfóz, a colección de troncos de Xaquín Lorenzo, Xocas, ou as árbores centenarias que poboan o noso territorio.

E da natureza ao fogar, nunha segunda parte centrada na madeira como produto, como elemento imprescindible para entender, tamén, a nosa creatividade. A exposición toma a cadeira como excusa para centrar a nosa atención no deseño do moble contemporáneo, con tres nomes á cabeza: Xosé Bar Bóo, os irmáns Alejandro e Jesús De la Sota, Creus e Carrasco e Isaac Díaz Pardo, os primeiros que atoparon no moble un aspecto fundamental do seu traballo. Xunto a eles, prestixiosos arquitectos e deseñadores galegos contemporáneos, cunha selección de máis de trinta pezas de nomes como Manuel Gallego, Jesús Irisarri y Piñera, Noguerol e Díez, Iago Seara, Carlos Quintás, Tomás Alonso, Elías Cueto, Iñaki Leite ou Cenlitrosmetrocadrado. *Da árbore á cadeira* péchase cun recoñecemento aos artesáns e á tradición construtiva a través dos instrumentos de labor procedentes do Museo do Pobo Galego e do Museo do Moble da Estrada, pechando así o círculo vital da madeira, da conexión do home coa natureza, do territorio coa súa memoria.





Díaz Pardo, Bar Bóo e De la Sota, pioneiros do deseño

“Dicía Mies van der Rohe que é máis difícil deseñar unha cadeira que un rañaceos. Non podo dar fe porque non fixen un rañaceos: podo asegurar que unha cadeira é unha penosa labor”.

Alejandro de la Sota (1981)

Árbore centenaria da Finca Galea, en Alfoz

Mesa “de levante” de Juan de la Sota segundo o orixinal de Alejandro de la Sota. Cadeiras de coiro de Jesús de la Sota.

Banco de carpinteiro, Museo do Pobo Galego

Tallo de Vermis Project

Da árbore á cadeira ofrece unha homenaxe aos arquitectos e deseñadores galegos pioneiros no deseño do moble contemporáneo: Isaac Díaz-Pardo, Xosé Bar Bóo e Alejandro de la Sota.

O seu traballo é fundamental non só pola cantidade e a calidade formal dos seus mobles, senón sobre todo pola vinculación directa dos seus deseños cos lugares para os que foron creados. Máis que obxectos, son instrumentos que caracterizan o espazo mesmo e o complementan logrando unha unidade difícil de quebrar. Unha idea do doméstico iniciada no centro dunha palloza do Courel e que continuou nas lareiras de moitas casas labregas para reafirmarse na mesa curva do IGI de Isaac Díaz Pardo, ou na mesa abatible de Alejandro de la Sota, nunha continuidade de filosofía, onde a economía de medios e de formas é todavía o medio máis común de expresión.

A abstracción e rigor da forma de Alejandro e Jesús de la Sota resultan imprescindibles na historia do moble contemporáneo en Galicia, con deseños que nacen para o mundo das ideas. O deseño encamiñado ao mundo do traballo é a peza clave das obras de Isaac Díaz Pardo. Desde o Laboratorio de Formas e Sagardelos, buscou un equilibrio entre a sucinta forma construtiva e a súa visión socialista e cooperativa do traballo trasladándoo ao mundo moble para o uso das súas fábricas e espazos comerciais. E no medio destes exemplos case opostos queda espazo para o deseño do moble que sucede no lugar



imaxinario do pensamento dos arquitectos e aquí é onde destacan as propostas de Xosé Bar Bóo, con mobles domésticos e comerciais que buscan enriquecer e apoiar a súa propia arquitectura.

A maxia do bosque desde a ollada de Vilariño, Vari Caramés ou Caruncho

Faixas, carballos, aciñeiras, carballos... De Catasós, Cervantes, Rubiá, Ancares... O bosque é unha parte indisoluble da identidade galega, un espazo máxico conectado coa nosa cultura que *Da árbore á cadeira* convida a redescubrir a través da ollada persoal de grandes artistas. Manuel Vilariño, Vari Caramés, José Caruncho, Juan de la Sota e Juan Rodríguez toman a súa cámara para explorar a nosa paisaxe, o noso hábitat e a nosa memoria a través de árbores milenarias, frondosas e vivas. Un reflexo persoal e sentimental do noso patrimonio natural que se completan co traballo audiovisual de Pablo Goluboff e a mesa dos recordos formada pola excepcional colección persoal de imaxes de Roxelio Pérez Moreira.

DA ÁRBORE Á CADEIRA EN DEZ PEZAS



Árbores centenarias

A viaxe emocional que nos propón *Da árbore á cadeira* comeza na natureza, no noso patrimonio, na nosa orixe. Iso é o que representan as árbores centenarias coas que nos recibe a exposición: tres troncos de árbores duns 500 anos e un tronco fósil duns 4.500 anos aproximadamente procedentes da Finca Galea de Alfoz.



Manuel Vilariño

Ancares, Fonsagrada e Viveiro foron os lugares que Manuel Vilariño decidiu explorar coa súa cámara para captar a esencia galega plasmada en árbores milenarias. O carballo de Cabana Vella, o Teixo de Carballido e o Avó de Chavín son as expresións de Vilariño na súa busca da paisaxe, do noso hábitat e da nosa memoria a través do bosque ás que se suman as de Vari Caramés, José Caruncho, Juan de la Sota e Juan Rodríguez.



Faunalia. Castelao

O bosque e a madeira están presentes desde sempre na nosa cultura e nas máis variadas expresións artísticas. *Da árbore á cadeira* reúne esa ollada plástica a través de obras de Lugrís, Laxeiro, Seoane, Colmeiro, Antonio Murado, Menchu Lamas ou Castelao, presente na mostra coa pintura *Faunalia* (1940-1941) pertencente á Colección ABANCA.



O microcosmos de Perianes

Natureza e xeometría. Orgánico e inorgánico. Onírico e racional. Jorge Perianes adentrárase no microcosmos do bosque a través dunha instalación contemporánea realizada ex profeso para esta exposición coa que o artista galego convidará ao visitante a reflexionar sobre a parte máis descoñecida do patrimonio natural.



Cadeira de habitación

Margarita, de Elías Cueto, xorde dun concepto provocador: deformar unha cadeira que sirva mellor ao propósito de ser unha “cadeira de habitación”. Unha desas cadeiras nas que se desfai a maleta, se colga a roupa, se apoian as sabas e que, só de xeito fugaz, é utilizada como asento para calzarse e descalzarse.

O asento de Sargadelos

Isaac Díaz Pardo xunto a Xosé Bar Bóo e Alejandro de la Sota foron os pioneiros do deseño do moble contemporáneo, con creacións que quedarán para sempre gravados no noso imaxinario e patrimonio cultural. A cadeira antropomórfica de Isaac Díaz Pardo é unha delas. Feita en madeira noble e aceiro pintado de negro e fabricada polos carpinteiros das factorías do Grupo Sargadelos, Díaz Pardo creou esta cadeira a comezos dos 80 anos para adornar as Galerías da firma nas diferentes vilas de Galicia.





De batea a cadeira

O respecto polo medio ambiente, a pegada da cultura no deseño e a innovación combinada co proceso artesán son tres dos alicerces do deseño actual. E tres das características que definen a cadeira Arousa de Iñaki Leite, na que utiliza e ensalza a madeira dos puntóns de batea reciclados. Deste xeito, dáselle unha nova vida á madeira reciclada como elemento especial na estabilidade da cadeira. Esta peza forma parte dun conxunto de mesa e lámpada que busca lograr un deseño amable, sinxelo e elegante que dialogue coa tradición industrial da ría de Arousa, logrando unha integración do deseño a nivel cultural.



Minimalismo con cores primarias

Lucía Buceta inspírase na arquitectura brutalista galega usando materiais e técnicas contemporáneas. Nos seus deseños, esta nova deseñadora busca un estilo minimalista onde todas as pezas están pintadas nas cores primarias: azul, vermello ou amarelo. As catro partes que compoñen o moble únense grazas a uns cortes laterais que fan que a estrutura sexa estable e non precisen de parafusos ou pegamento. Esta cadeira estivo exposta na Fold Gallery, na Saatchi Gallery, en Mercaarte (Vigo), London Design Art Fair 2015, Rotterdam Art 2016 e Warrington Museum.



Cadeiras de museo

Cadeiras de museo. Literalmente, as *V&A chairs* de Tomás Alonso son iso: cadeiras deseñadas para un evento gastronómico no Victoria and Albert Museum de Londres. Casi como un boceto tridimensional, cada unha das cadeiras está feita a partir dun só tubo de aceiro lacado e doblado e unha estrutura de madeira de freixo que, xuntas, soportan a superficie para sentarse que está fabricada con placas de madeira reciclada de teitos Victorianos. A aparencia liviá e desequilibrada provén do forte contraste de materiais, así como da asimetría e a singularidade das conexións.



Unha cadeira para o Papa

A cadeira ou sede deseñada por Iago Seara para a visita do Papa Bieito XVI a Compostela no ano 2010 responde a un proxecto global de arquitectura efémera deseñado para este acontecemento. Cunha fórmula minimalista e austera na que impera a cor branca, Seara manexa liñas puras sen deixar de plasmar as influencias do barroco de placas compostelán, plantando unha sutil homenaxe ás ricas policromías en ouro e prata, reducidas a sinxelos detalles ornamentais que os propios volumes da peza convidan a descubrir.

PROGRAMA DIDÁCTICO E VISITAS COMENTADAS

7 ABRIL—
5 NOVIEMBRE 2017



Da árbore á cadeira supón unha oportunidade única para que a comunidade educativa afonde na conexión íntima entre a natureza e o deseño, como dous aspectos fundamentais na nosa vida. A través dun programa educativo adaptado, a disposición de centros e grupos de todos os niveis de estudo, profundaremos na valoración da nosa paisaxe natural, do papel da árbore na nosa construción cultural, da transformación da materia prima para habitar o noso espazo doméstico e dos segredos do deseño contemporáneo.

As actividades educativas xirarán ao redor dunha visita comentada, cun percorrido discursivo adaptado aos diferentes niveis educativos, para coñecer a mostra e os seus contidos. Durante a visita estimularase a

participación activa dos estudantes a través de catro eixos educativos:

- Valoración do medio ambiente, da paisaxe e do hábitat humano.
- Interpretación da árbore como elemento cultural.
- Divulgación dos oficios tradicionais de transformación da madeira.
- Exploración dos valores do deseño contemporáneo

Da árbore á cadeira contará tamén con visitas comentadas de martes a domingo totalmente de balde, nas que profundar no patrimonio natural e na historia do moble de Galicia (de martes a venres: 17:30 horas, sábados, domingos e festivos: 12:30 e 17:30 horas. Semana Santa, xullo e agosto, de martes a domingo ás 12:30 e ás 17:30).

XORNADAS ACADÉMICAS

7, 8 E 9 XUÑO 2017



A exposición *Da árbore á cadeira* celebrará unhas Xornadas Académicas no mes de xuño nas que afondar na propia mostra coa presenza de profesionais que participaron na concepción e no desenvolvemento da mostra, así como presentar outros aspectos vinculados á temática da madeira nun sentido amplo, é dicir, aspectos produtivos, económicos ou da contorna natural.

As xornadas contarán coa presenza do comisario, Carlos Seoane, así como do equipo de asesores da

mostra: Alfonso Bar Alonso (biólogo), Óscar Fuertes Dopico (arquitecto) e Pablo Goluboff (audiovisual). A actividade tamén abordará a mostra desde o punto de vista de elaboración no catálogo, do deseño contemporáneo a través dos autores de varias cadeiras presentes na mostra, e do ámbito académico coa presenza de representantes da Escola de Arquitectura da Coruña ou das Escolas de Arte e Superiores de Deseño.

ACTIVIDADES

7 ABRIL—
5 NOVIEMBRE
2017



Da árbore á cadeira contará ao longo dos sete meses nos que estará en exposición cunha serie de actividades paralelas pensadas para descubrir o mundo do deseño contemporáneo e a posta en valor do noso patrimonio natural das máis diversas formas. Ademais do programa didáctico e das xornadas académicas, o Museo Centro Gaiás celebrará o 20 de maio o **Día dos Museos** cun programa de actividades lúdicas e divulgativas para toda a familia. Para as

noites de xullo e agosto, os máis pequenos poderán vivir unha **Noite no Museo**, descubrindo os segredos do bosque nun campamento do máis divertido. De cara ao final do verán, os máis pequenos serán de novo os protagonistas dos obradoiros infantís que terán lugar os sábados pola tarde. O programa de actividades paralelo péchase coas **Visitas Nocturnas**, percorridos guiados pola exposición ao caer a tarde, con degustación enogastronómica dinamizada con música e proxeccións.

MONTAXE: ENTRE SONS E XEOMETRÍAS



Para *Da árbore á cadeira*, Carlos Seoane concibiu unha montaxe de corpos espidos nunha contorna marcada por xeometrías abstractas. A exposición é, en si mesma, un exercicio de deseño contemporáneo, con elementos ideados para a ocasión. O banco oruga ou a mesa araña, fabricados por Cándido Hermida, ou a alfombra de madeira son partes dunha montaxe onde os materiais se manifestan en todas as súas

dimensións, xerando sons que van desde o retumbar do camiñar sobre unha tarima de madeira ata o tacto da madeira de piñeiro serrada, sensacións que tentan reproducir dimensións distintas do natural e tamén do doméstico que non son sinxelas de comunicar.

CARLOS SEOANE: COMISARIO DA MOSTRA



Da árbore á cadeira está comisariada polo recoñecido arquitecto galego Carlos Seoane González, quen se encarga tamén do deseño de montaxe da exposición.

Director da Fundación Compostela Arquitectura, institución docente dedicada a promover internacionalmente a arquitectura galega, Seoane vén desenvolvendo numerosos proxectos de nova construción, rehabilitacións e colaboración con prestixiosos arquitectos internacionais con presenza en Galicia como Álvaro Siza, David Chipperfield ou Peter Eisenman. Carlos Seoane tamén leva a cabo deseño industrial e de mobiliario e luminarias,

formando parte do grupo Amosega, xunto a outros arquitectos e deseñadores. Profesor axudante no Departamento de Construción da Escola de Arquitectura da Coruña desde 1997, Carlos Seoane participou recentemente na rehabilitación do mirador da Pedra da Rá en Ribeira, proxecto que formou parte do pavillón de España na Bienal de Arquitectura de Venecia do 2016, obtendo este pavillón o León de Ouro –primeiro premio- desta Bienal e o Premio COAG, que convoca o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, na categoría de Deseño urbano/Espazos abertos.

CATÁLOGO



O catálogo da exposición *Da árbore á cadeira* consta de dous tomos, dedicados ás dúas vidas da madeira: o bosque e a súa transformación en obxecto a través do deseño. A cuberta, deseñada e ideada polo estudo Cenlitrosmetrocadrado, presenta os dous libros independentes como unha unidade, engarzada a través dunha peza de madeira.

O catálogo conta con dez ensaios, encabezados polo do propio comisario da exposición, Carlos Seoane; e o de Alfonso Bar Blanco, fillo do arquitecto Xosé Bar Bóo e un dos grandes colaboradores da exposición. Na parte

dedicada ao bosque, o catálogo contén as reflexións dos biólogos galegos Mercedes Casal, Javier Guitián e Pablo Ramil. No que atinxe ao deseño, o catálogo inclúe ensaios do arquitecto Juhani Pallasmaa; de Xosé Carlos Sierra Rodríguez, do patronado do Museo do Pobo Galego e do Etnográfico de Ribadavia; de Xavier Simón Fernández, doutor en Economía pola Universidade de Vigo e responsable do Grupo de Investigación en Economía ecolóxica e agroecoloxía e dos arquitectos Silvia Blanco, Cristina Nieto e Luís Gil Pita.

CRÉDITOS

Xunta de Galicia Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Secretaría Xeral de Cultura
Secretaría Xeral Técnica

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Directora Xerente
Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora de Acción Cultural
María Pereira Otero

Director de Oficina Técnica
Benito García Caramés

Director Económico Financiero
Santiago González Prado

Colaboran:

GRUPO CANDIDO HERMIDA
FUNDACIÓN BANCO SABADELL
VIAQUA

Co patrocinio de / Con el patrocinio de:

ABANCA
INDITEX
INVERAVANTE
GAS NATURAL FENOSA
FUNDACIÓN BARRIÉ
BANCO SABADELL GALLEGO
COREN
CAMPO
GADISA
GRUPO NOSA-TERRA 21
ASTILLEROS BARRERAS
ESTRELLA GALICIA
R CABLE Y TELECOMUNICACIONES
GALICIA
MONBUS

Co apoio de:

Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia

EXPOSICIÓN

Comisariada por

Fundación Compostela Arquitectura

Director de proxecto

Carlos Seoane González

Deseño de Montaxe

Carlos Seoane Arquitecto S.L.

Comité de asesoramento

Alfonso Bar Blanco
Soledad Bugallo Chouciño
Óscar Fuertes Dopico

Equipo de deseño de montaxe

Marta Fernández
Raquel Ferreiro
María Montenegro

Coordinación exposición Acción Cultural. Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Mar Angosto Acuña
Carmen Menéndez Montero
Verónica Santos Farto

Montaxe

Daexga

Transporte

Daexga

Montaxe de sistemas

Oficina técnica. Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Produccións Audiovisuais

Pablo Soto Goluboff

Deseño sonoro

Alberto Blanco Fernández

Grabación-Timelapses

Marcos Cenamor Fandiño

Seguros

Axa art

Comunicación e Marketing

Departamento de Comunicación e Marketing, Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Rebeca Fernández Hermo

Ignacio Fernández Mojón

Roi Fernández Pérez

David Oreiro Pazos

Didáctica / Mediación

Miguel Ángel Cajigal Vera

Xoan Escudero Rodríguez

Rafael Lens Villaverde

Paula Toimil Mato

CATÁLOGO

Edita

Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Coordinación editorial

Departamento de Acción Cultural, Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Deseño e maquetación

Imago Mundi

Concepción de cubertas

Cenlitrosmetrocadrado

Tradución

Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia:
Galego
Interlingua traduccions: Inglés

Planimetrías de Xosé Bar Bóo, Isaac Díaz Pardo, Alejandro + Jesús de la Sota

Fuertes e Penedo

Fotografías

Juan Alcón Durán
Ovidio Aldegunde
Roi Alonso
Carlos Álvarez
Juan de la Sota
Luis Díaz Díaz
Héctor Fernández Santos Díaz
Luis Marino
Xoán Manuel Pérez
Juan Rodríguez
Ramón Vaamonde
Manuel G. Vicente

Impresión

Agencia Gráfica

INFO PRÁCTICA

DA ÁRBORE Á CADEIRA

7 de abril – 5 novembro 2017

Museo Centro Gaiás

Entrada de balde

Visitas guiadas

- Martes - Venres: 17:30 horas.
- Sábados, Domingos e Festivos: 12:30 e 17:30 horas.
- Semana Santa, xullo e agosto, de martes a domingo ás 12:30 e ás 17:30

De balde | Non é preciso reservar praza

ORGANIZAN:



FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

COLABORAN:

CANDIDO  HERMIDA

 **Sabadell**
Fundación

 **VIAQUA**

CO PATROCINIO DO FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA:

//**ABANCA**

INDITEX

INVERAVANTE

gasNatural  fenosa

Fundación Barrié

SabadellGallego 

 **coren**

GADIS

Campo

GRUPO
NOSA 
TERRA 21

 **ASTILLERO
BARRERAS**
V I G O

Estrella Galicia 

R

 **MONBUS** 

CO APOIO DE:

